



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19 DE XULLO DE 2010.**

---Contrato: **OBRAS DE “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NA FACHADA PRINCIPAL DA CASA CONSISTORIAL”.**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **21 DE XULLO DE 2010**

Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NA FACHADA PRINCIPAL DA CASA CONSISTORIAL”, cun prezo base de licitación de 87.499,99 €.

-Visto que das tres empresas convidadas, so presentaron ofertas PROMOTORA MATIMÁN S.L., e JAVIER LOUREIRO S.L.

-Vista a documentación administrativa (Sobre A) presentada por PROMOTORA MATIMÁN S.L., compróbase que a mesma é a requirida nos pregos e a súa presentación é correcta.

-Visto que, JAVIER LOUREIRO S.L., foi requirido en data 7 de xullo de 2010 (R.S. 5736) para que subsanase a documentación da súa plica, en aplicación do disposto na Cláusula XII das do Prego das Administrativas Particulares reitor desta licitación.

-Vista a oferta realizada polo licitador PROMOTORA MATIMÁN S.L., por debaixo do Prezo base de licitación.

-Visto o informe de fiscalización previa da Sra. Interventora, formulando reparo suspensivo.

-Vista a Resolución da Alcaldía nº656/2010 do 16 de xullo, levantando expresamente o reparo formulado.

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade:

1º.-Declara a inadmisión da proposición achegada pola mercantil JAVIER LOUREIRO S.L., por non ter subsanado en tempo e prazo as deficiencias atopadas na documentación presentada.

2º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NA FACHADA PRINCIPAL DA CASA CONSISTORIAL”, por importe de 86.221,49 euros, a PROMOTORA MATIMÁN S.L. con arranxo ós Pregos e á súa oferta.

3º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

--Informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

---Certificación acreditativa de estar dado de alta no IAE, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

4º.-Notificar o Acordo que se acade ao adxudicatario e publicar a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 21 de xullo de 2010.

O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.